

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29/03//2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vintenove de marzo de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. Ramón Santos Vázquez  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
~~D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones~~

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García

Interventora: D<sup>a</sup>. Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algúna observación á citada acta.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2014 ao non formularse observacións.

### 2. Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2014.

A secretaria indica que a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 25 de marzo de 2014, dictamou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

**"PROPOSTA PLENO"**

**APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA O ANO 2014.**

*D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas*

*Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,*

*Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLFL), e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, o Sr. alcalde-presidente formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2.014.*

*Visto o informe xurídico de secretaría de data 21/03/2014.*

*Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 do TRLFL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde-presidente cumple o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLFL.*

*Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLFL e artigo 50.11 do ROF, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2.014.*

*Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2.014 que consta dos seguintes documentos:*

*LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.*

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.

*LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA*

3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Liquidación do orzamento anterior e avance da corrente.
9. Recoñecemento extraxudicial de créditos que acompaña ao Orzamento.

*Xunto cos informes de Secretaría e Intervención.*

*SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal deste Concello para o ano 2.014 coas modificacións propostas aos representantes do persoal.*


*TERCEIRO.- Anular as modificacións de crédito por transferencia TC/01/2014 e TC/03/2014, ao entenderse xa recollidas no presente borrador de orzamento para o ano 2014.*

*CUARTO.- Expor ao público o orzamento aprobado inicialmente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o prazo de 15 días os interesados poidan presentar reclamacións. O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.*

*Vimianzo, 21 de marzo de 2014*

*O ALCALDE*

*Manuel Antelo Pazos."*



# Concello de Vimianzo

O alcalde sinala que para a elaboración deste orzamento tiveronse en conta varios factores e traballouse moito tempo co equipo económico. Coa convocatoria da comisión envíouse por correo electrónico aos grupos a documentación, e na propia comisión se lle dou toda a documentación. Sinala que todos os concelleiros tiveron a súa disposición os documentos e aos funcionarios dos servizos económicos para aclarar todas as dúbidas. Explica que estes orzamentos pretenden, entre outras cousas, dinamizar a economía local, pois é criterio do concello contratar obras e servizos coas empresas locais; por outra banda, incidir na situación tan dramática de desemprego que viven moitas familias, que supón á volta á emigración en peores condicións que nos oiten. Coa creación de emprego pretenden dar satisfacción ás necesidades municipais, e sinala que actualmente están en proceso de contratación dun tractorista e dous albanéis, e en breve procederase a contratar mediante o Plan de emprego a dezaseis persoas durante tres meses para a limpeza de núcleos. Outras previsións de emprego están condicionadas á xestión destes orzamentos e aos convenios, por exemplo con Medio Rural.

Afirma que o orzamento responde a unha situación de crise económica, tanto na obtención de recursos como na xestión do gasto, pero que parte dunha situación económica do concello moi saneada, con resultados positivos, como non os houbo nos últimos tempos, cun remanente de case 500.000 euros, que non se poden incluír inicialmente no orzamento, inclúese despois en modificacións orzamentarias. Trátase dun orzamento equilibrado, que prevé recaudar máis ingresos dos previstos, sen incrementar os tributos: actualizando aqueles inmobles que teñen valores que non se corresponden coa realidade (pisos que teñen 10 euros de contribución e cousas polo estilo, cita).

Sinala que se limita o gasto aos concellos que teñen ingresos, con criterios nada racionais, castigando a boa xestión, tal como critican alcaldes coma o de Carballo, Zas ou Muxía. O teito de gasto son os recursos que se poden destinar como propios para gastar, e no caso de Vimianzo son uns 5 millóns de euros, e co gasto que achegan outras administración chega a 5.200.000 euros. Eso non quere dicir que non se poda executar máis ao final de ano, posto que hai subvencións pendentes que se van ir incorporando: DTC93 (en torno a 250.000 euros para mantemento e mellora de bens municipais); ou Fondo de Compensación Ambiental (preto de 180.000 euros) e outros.

Explica que o orzamento se divide en dúas partes: libro de ingresos e gastos, e bases de execución, documento importante porque son as normas para executar os orzamentos. Aclara que se mellora este documento para facilitar as cousas aos cidadáns: por exemplo, permitindo compensar débedas cando se solicita unha subvención, ou nos casos de emergencia social, axilizando trámites. Recollen unha regulación máis estricta e transparente da concesión de subvencións, tanto de concorrencia competitiva como as nominativas, así como as aportacións a grupos municipais.

No segundo libro –documentos complementarios – destaca a memoria da Alcaldía, no que se describe a situación de partida e os obxectivos do orzamento. Faise un estudo de cómo se distribuiu o gasto por capítulos. Sinala o que maior parte leva non é persoal, senón bens correntes e servizos, despois persoal e despois as transferencias correntes, polo peso da xestión dos servizos sociais. Faise unha comparativa cos orzamentos anteriores, reducindo 223.000 naquellos políticas de gasto que non parecían tan prioritarias, e un incremento de 900.000 euros nas prioritarias. Destacan as infraestruturas, o benestar comunitario, vivenda e urbanismo, medio

ambiente, o gasto en administración financeira e tributaria (o que se lle paga á Deputación) e mínimamente destaca cultura e deportes.

Traen un recoñecemento extraxudicial para pagar factura do goberno anterior, e a liquidación da EDAR, unha obra do goberno anterior. Síntese orgulloso do convenio coa Deputación para a xestión do Castelo e anuncia que onte aprobouse no pleno da Deputación as obras do POS 2014 do concello.

Refírese ao anexo de investimentos, no que se recollen as previsións, que suman uns 500.000 euros que van a subir polo que xa explicou antes. Destaca os convenios coa deputación, que xa se trouxeron a pleno anteriormente pero non se conseguiu un acordo, que teñen que ver co paseo fluvial e rehabilitación de camiños rurais.


No cadro de persoal inclúese a creación de emprego que mencionou anteriormente e no estado da débeda aclara que hai un erro material, e que o importe son 1.300.000 e non 1.700.000 euros. A débeda cos bancos incrementouse co crédito da sentencia da casa de cultura no 2012, e as previsións de reducción achéganse a un millón de euros e non se descarta a amortización anticipada sempre e cando permitan un aforro, como se fixo o ano pasado.

As liquidacións do 2012 foi positiva, cun remamente de 120.000 euros, que non se pudo emplegar o ano pasado porque a oposición non quixo. Indica que primeiro está a barreira de Montoro, que parece se quere flexibilizar este ano sempre e cando o investimento sexa sostible. Considera que os concellos están para gastar ben os cartos, non para afostrar.

Por último, sinala que están os informes de Secretaría e Intervención. Lembra que o voceiro de IxV pediulle que elaborase uns orzamentos varias veces, e considera que en situación de crise non se pode obstaculizar a un goberno. Esto non quere dicir que os orzamentos de 2012 sexan malos, pero estes melloran os anteriores. Entende que cada grupo tería a súa proposta, pero pide que non voten en contra, nun exercicio de responsabilidade. Dalle a palabra ao resto de voceiros, empezando polo PSOE.

O Sr. Miñones Riveiro felicita ao alcalde por traer os orzamentos ao pleno, como fixo a voceira de IxV na comisión, pero sinala que agardaba algo máis deles. Considera que o alcalde fixo un resumo bastante amplio deles e están dacoado coas obras da senda peonil, das pistas municipais e incluso dos cartos destinados a Sogama (co incremento do 34% que mete a Xunta). Sinala que non falou co PSOE e bota en falta algunas cousas, como fondos para o Grumir de Vimianzo desmantelado pola Xunta; o incremento nos servizos sociais parécelle pouco, visto o recorte do PP coa reforma local. Anuncia que non van votar a favor, pero tampouco obstaculizar que se aproben porque son os seus orzamentos. Eles incrementarían as partidas de servizos básicos e reducirían un pouco en cultura.

O Sr. Soto Pérez di que o traballo dos orzamentos foi un traballo en solitario, de costas aos veciños e aos membros da Corporación. Considera que o tempo para analizar o documento é escaso, non houbo diálogo, e que hai que aparcar as diferencias – que nalgún caso chegan ao plano persoal, aínda que non é o seu caso – e darle solucións aos veciños. Afirma que o seu grupo aínda está analizando facturas do ano anterior, con moitos atrancos, pois o alcalde doulle os luns para tres ou catro meses. Ironiza sobre o alarde de transparencia. Di que os orzamentos chegan tarde e mal. Despois de media hora falando dos seus orzamentos, chegou á conclusión de que se crea un traballo precario durante tres meses para dezaseis persoas. Propón que os orzamentos respondan a un principio económico contracíclico, con dúas vías: creando postos de



# Concello de Vimianzo

traballo e axudas para as familias. Considera que o alcalde gasta máis en adicacións propias que en traballo para os veciños. Lembra que os anteriores sometérónse a unha cuestión de confianza, pero polo menos sentáronse con eles. Agora as cousas foronse avinagrando e nin eso. Estivo a piques de contestar ao correo cun artigo de cómo se fan uns orzamentos participativos. Denuncia que os veciños están pagando más de IBI, e o sinxelo é dicir que o malo é Rajoy que subiu do 0,5 ao 0,6. Lembra que IxV no 2012, prevendo esta situación, solicitaron que se incluirán bonificacións do IBI, naquelas zonas nas que os veciños non reciben tódolos servizos que marca a lei. Di que outras taxas subiron e vai abordar o tema dos vados en rogos e preguntas. Está dacordo co alcalde en que cada un pague a contribución que ten que pagar. O seu grupo adicaría máis cartos a servizos sociais, e lembra que no pleno quixeron incrementar as axudas ás familias de 18.000 euros a 50.000 e o alcalde impidiu votar unha emenda. Volve a dicir que hai que poñer o acento en facer unha política contracíclica e nos servizos sociais. Cre que hai que facer un presupuesto participativo, e incluso parece que non chamou ao PSOE. En aras de buscar un consenso, pide que quede sobre a mesa e que se reúnan para elaborar un documento mellor para Vimianzo. Bota en falta tamén o do grumir, que tamén traía como proposta. Se non hai consenso, seguirán o cauce legalmente previsto, que os dous coñecen. Di que os veciños marchan sen saber o que hai. Considera que non importa que se retrase un mes máis a aprobación, o importante é facelos ben.

O Sr. Amado Sambade recrimina ao alcalde que dixerá que ía chegar a acordos coa oposición e non o fixera. Pensa que aínda está a tempo e por eso pide que quede sobre a mesa e que os convoque ás reunións que sexan necesarias. Dille que non ten adicación exclusiva nin unha secretaria persoal para poder estudar os orzamentos, por eso lle proponen, dado que leva dous anos sen aprobar orzamentos, que agarde un par de semanas máis e agora quede sobre a mesa.

O Sr. Mancebo Amigo comeza definindo o orzamento como un documento contable no que o goberno define nas distintas áreas de gasto as previsións para todo o ano. O goberno non ten marxe para distribuir eses 5.200.000 euros como queira en cada área porque están sometidos a uns límites. Sinala que o alcalde fixo unha presentación do orzamento, pero a tarefa de explicar as cifras correspónelle a el como concelleiro de Facenda. Explica que se divide en nove grandes áreas de gasto e describe pormenorizadamente a que se destinan os créditos previstos en cada unha delas. Destaca que este goberno funciona con 77.000 euros anuais, que non representan nin o 1% do orzamento, por tanto non é un goberno caro para os veciños. Destaca que a inversión prevista para 2014 vai chegar a 1.200.000 euros, e así tamén se crea emprego. Sorpréndelle que concelleiros que están máis preto da dereita que da esquerda veñan ao pleno con plantexamentos comunistas. A función do goberno municipal non é dar traballo a todos e cada un dos desempregados do municipio, senón promover a creación de emprego, e unha vía é o fomento das inversións. Pregunta se a proposta da oposición de reducir en cultura e deportes pasa por despedir ao persoal que xa estaba contratado. Critica que os gastos do centro de saúde os teña que asumir o concello en lugar da Xunta, pois eses 45.000 euros poderían adicarse ao Grumir ou outras cousas. En promoción social gastan unos 800.000 euros, e non hai ningún concello nin na Costa da Morte nin na provincia adican tanta porcentaxe a estes gastos. A explicación é sinxela: a escola infantil sufrágase íntegramente polo concello, pois a Xunta non aporta nada. Indica que se gastan 123.000 euros en atención a dependencia e critica que teñan que asumir competencias estatais, de xeito que en lugar dos 20 dependentes que por lei terían que atender están atendendo 80. A lentitude burocrática da Xunta remata cun ofrecemento de 9 euros por hora, o cal é ridículo. A pesares das competencias improprias que asumen, incluso se permiten o luxo de manter unha vivenda comunitaria, que non sabe canto tempo máis se poderá manter. En acción social chegan a uns 500.000 euros, e van destinados en grande parte á

empresa que xestiona os servizos sociais, e desta forma tamén se crea emprego. Louba a xestión realizada por esta empresa, así como ás que xestionan as actividades culturais e deportivas. En servizos públicos básicos hai 1.711.000 euros, e a pesares dos recortes de puntos de luz gástase moito en alumeadoo público, que sumado ás bombas andan nos 500.000 euros. Na recollida do lixo, de 372.000 euros Sogama leva 220.000 euros, por descargar o lixo en Santa Comba. Recoñece a necesidade de facer un esforzó en reciclaxe para evitar de case todo vaia ao mesmo contenedor. O servizo é deficitario en 200.000 euros, pois só se recauda 177.000 euros e o recibo vaise manter a pesares do incremento de Sogama (35%). O servizo de auga custa 331.000 euros e a recaudación está en 256.000 euros, é deficitario pero non se considera a privatización porque son más caras. O apartado de débeda pública son 250.000 euros destinados a intereses de préstamos herdados.

Destaca que neste orzamento hai un traballo de centos de horas, do goberno e dos servizos económicos. Explica outros datos que se extraen do documento: no anexo de investimentos destaca que a maiores contán con 250.000 euros do TDC-03, 180.000 do Fondo de Compensación Ambiental e uns 500.000 euros do remanente, que ten que destinarse a inversión. Explica o destino dos préstamos, así como a devolución de cantidades indebidamente ingresadas da Participación de Tributos, en dez anos. A débeda creada entre 2005 e 2011 foi de case tres millóns de euros e cando se aprobaron os orzamentos do 2012 a oposición dicía que era un documento malo, e ano tras ano seguen coa mesma historia. Dicían que os ingresos do Catastro non fan chegar, e chegaron, e anuncia que no 2014 van ter remanente positivo outra vez. Presume de cifras a pesares das críticas da oposición.

Conclúe que é un orzamento equilibrado, que cumple a regla do gasto, a estabilizade orzamentaria, e presenta gastos e ingresos reais. Reta á oposición a dicir tamén de onde se sacan os cartos para afrontar as súas propostas. Levan máis dun ano pagando a 40 días e o obxectivo para este ano é pagar a menos de 30, e eso tamén é crear emprego e conseguir mellores prezos.

O Sr. Rodríguez Blanco di que efectivamente son os seus orzamentos, e critica que non tiveran dúas ou tres horas para reunirse coa oposición. Incluso lle extraña que non se reunise co Sr. Miñones, que é o que ten de man cando lle fal falta algunha cousa. Recoñece que o documento está traballado, pero é unha pena que non llos explicaran a oposición. Di que ata o alcalde de Vigo chegou a acordos co PP e o alcalde chega aquí pretendendo aprobar uns orzamentos sen consensualos con ninguén. Apoia a proposta de que queden enriba da mesa, que o alcalde se reúna con eles para chegar a acordos, se poden aportarán algo e se non seguirán pelexando os orzamentos.


O alcalde considera que o asunto está más que debatido.

O Sr. Soto Pérez pide a palabra.

O alcalde decide entón dar un segundo turno de intervencións.

O Sr. Miñones Riveiro intervén únicamente para ratificarse no dito na primeira intervención.

O voceiro de IxV di que na súa primeira intervención alonxou todo o que puido a crítica, facendo un discurso constructivo. Asustouse cando falou o voceiro do BNG, que propuxo case a desmantelación dos servizos sociais e o que se coñece como a fuxida do derecho administrativo, para externalizar case todo como garantía de nada. Considera que as cifras son poucos



# Concello de Vimianzo

consistentes porque primeiro falou de 500.000 e despois subiu a 600.000 e se segue falando chegarían a tres millóns porque pola boca para fóra sae o que un queira. Reitera a crítica por crear únicamente emprego precario e di que non lembra que o BNG na oposición votara a favor dos orzamentos. Propón que os 18.000 destinados aos grupos estarían mellor destinados aos veciños. Ratifica a súa proposta e téndelle a man para chegar a acordos.

O Sr. Amado Sambade mantén o dito na primeira intervención.

O Sr. Mancebo Amigo conclúe que o voceiro de IxV non debeu escoitar a súa intervención, porque propuxo de todo menos externalizar. Son os orzamentos deste goberno, o concello segue funcionando igual porque os presupostos do 2012 son estupendos e serven para 2014. O único que vai facer a oposición é retrasar a aprobación dos orzamentos.

O Sr. Rodríguez Blanco aclara que non quere reducir en ningún departamento, como eles sí están intentando.

~~O alcalde~~ agradece a crítica do PSOE, que é moi constructiva e non obstaculiza para nada a aprobación dos orzamentos. Agradece sobre todo porque lle da pé a aclarar unha cuestión: lembra o compromiso do goberno de crear un grupo de protección civil que non apoiou a oposición. Comprométese, se se aproban estos orzamentos, a traer eo vindeiro pleno unha modificación de crédito financiada con remanente adicada a protección civil. Aclara que non se puido poñer protección civil en créditos iniciais porque existe un teito de gasto e diso dan fe os funcionarios dos servizos económicos. Cunha parte deses 500.000 euros poden poñer en marcha un grupo de protección civil e vano facer, e agarda que o Sr. Soto os apoie. Afirma que este goberno cumple o que di, cousa que non fai o vicepresidente da Xunta, que dixo que se algún concello non quere o protección civil fa para Vimianzo, e sabe que así foi pero non o cumpliu. Sinala que tiveron tempo para falar dende o 21 de marzo no que se convocou a comisión pero non o fixeron, e afirma que lle resulta imposible ser tan hipócrita e falar con quen o está denunciando nos xulgados. Tiveron más dunha semana para fazer propostas e non fixeron ningunha. Pregunta porque ten que quedar sobre a mesa se non hai motivos para eso. Son os orzamentos do goberno porque é o alcalde quen ten esa competencia. A proposta de quedar sobre a mesa é un fraude; os orzamentos están explicados na comisión. Pregunta ata cando teñen que quedar sobre a mesa, ata o 31 de decembro de 2014? Pide que fagan propostas: que queren que se elimine. Os orzamentos contan con tódolos documentos, informes e están ditaminados pola comisión. Pide que se abstéña, non que vote en contra. Pregunta se no seguinte pleno tamén van pedir que quede sobre a mesa.

O alcalde nega que o goberno sexa pouco transparente e aclara que a Sra. Rodríguez Ordóñez pediu ver máis de sete mil documentos, e repartiuse para ver unha media de 600 documentos por día. Non se pode pedir ver tódolos documentos, o lóxico é dicir o que quere ver. Manifesta que houbo diálogo, tiveron o expediente, puideron falar cos técnicos e fazer as súas propostas, pois pode haber cousas que se necesite corrixir e esa é labor da oposición: axudar ao goberno dende a crítica. Para sacar esos postos de traballo laborais temporais teñen que fazer enxeñería para salvar as limitacións do Sr. Rajoy á contratación de persoal. Non poden crear unha plantilla e están en risco de que lles recurran a convocatoria, como aconteceu noutros sitios. Está prohibido aprobar oferta de emprego nos concellos e agarda que algún día se levanten.

Sinala o alcalde que os veciños perciben que IxV está en contra dos orzamentos e que non hai posibilidade de acordo. Sería un orgullo aprobar os orzamentos co apoio de todos, pero con todo o que pasou aquí e segue pasando é imposible. Non pode sentarse cunha persoa que minta,

porque despois vai dicir que o alcalde dixo todo o contrario. Considera que non se pode chegar ao pleno e como son sete dicir que quede sobre a mesa, e para outro pleno igual, eso non é serio. Anuncia que vai someter a votación os orzamentos.

O Sr. Soto Pérez dille que ten un grave problema: dialoga el solo e pon na boca dos demais palabras que estes non din...

O alcalde dille que fale dos orzamentos.

O voceiro de IxV ratifica a postura do seu grupo: que os orzamentos queden sobre a mesa.

O alcalde considera que hai que aterse ás regras de xogo, e cando se pide que quede sobre a mesa é porque falta algún documento, ou porque hai algunha posibilidade de entendemento, pero neste caso non é así, pretende empregar ese recurso para evitar outro, que é votar en contra. Pregunta que propostas fai para retrasar ata a semana que ven a votación. Afirma que non pode cometer fraude pedindo que quede sobre a mesa, ten que estar xustificada a petición, e como non o está, debe votarse agora. Ten dificultades para saber o que quere a oposición, porque non enumeraron ningunha cuestión. Se teñen que votar en contra, pide que o fagan. Repite que vai sometelos a votación.

O Sr. Soto Pérez di que o resto de portavoces fixeron a mesma petición, e a lei é moi clara, coñece o artigo e ademais estanillo cuchicheando...

O alcalde pídelle respeto.

O Sr. Soto Pérez di que xa o ten, ata onde pode chegar.

O alcalde manifesta que o Sr. Soto está a cometer un fraude, pero como non quere que esto acabe nun xulgado, como acaba todo por iniciativa da oposición, vaino someter a votación. Vai aceptar a petición, porque llo di a secretaria, aínda que non teña fundamento ningún. Pregúntallo á secretaria.

A secretaria asente.

O alcalde pregunta que pasa se seguen pedindo todos os días que quede sobre a mesa.

A secretaria sinala que sería unha cuestión a estudar.


Pide a palabra o Sr. Rodríguez Blanco, para anunciar que se non se reúne con eles a semana que vén, van chegar ao pleno e facer o mesmo.

O alcalde dille que se está en contra, que vote en contra, pero o que non queren é que o concello teña orzamentos.

O Sr. Soto Pérez alza a voz para dicir que queren que teña uns orzamentos axeitados.

O alcalde afirma que a oposición sabe que existen mecanismos para que os orzamentos se aproben. Di que non ten problema en falar con ninguén, pero con aquellas persoas que están continuamente nos xulgados e adícanse a mentir cóstalles moitísimo.

O Sr. Soto Pérez di que a el tamén lle costa, peor faino por Vimianzo.



# Concello de Vimianzo

O alcalde anuncia que a semana que ven haberá outra sesión plenaria para votar os orzamentos.

O Sr. Miñones Riveiro di que a semana que ven van estar exactamente igual que hoxe, xa pasou co anterior pleno e vaise repetir a historia. Pregunta que se vai modificar, se o grupo de goberno vai aceptar esas propostas... se están en contra entende que deben votar en contra e punto.

O Sr. Soto Pérez trata de intervir, dicindo que ten dereito a discutir os presupostos...

O Sr. Miñones Riveiro zanxa a discusión alegando que el faille oposición ao alcalde, non ao voceiro de IxV.

O alcalde anuncia que vai someter a votación a petición de quedar sobre a mesa, e afirma que a oposición acaba de sacar a careta e queda claro de que van, o cal non lle sorprende.

En cumprimento do disposto no artigo 92 do RD 2568/1986, sometida a votación a petición dos concelleiros Sr. Soto Pérez, Sr. Amado Sambade e Sr. Rodríguez Blanco, o Pleno do Concello, por sete votos a favor de IxV, PP e non adscritos, cinco votos en contra de BNG e PSOE e nengunha abstención, acorda deixar sobre a mesa o asunto.

## **3. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 27, reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por catro votos a favor do BNG, PSOE e PP, e unha abstención de IxV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO; Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

SEGUNDO; Expoñer este expediente ao público, mediante a inserción do anuncio de exposición pública no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas."

Os membros dos grupos políticos municipais non realizan nengunha intervencións.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

## **4. Modificación da Ordenanza reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar do Concello de Vimianzo.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar social, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, por unanimidade dos seus membros presentes, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar do Concello de Vimianzo.

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Os membros dos grupos políticos municipais non realizan ningunha intervencións.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

**5. Recoñecemento da bonificación do ICIO a Jesús Trillo Mouzo, Juan García Lema, Gandería Cantiño SC e Granxa Riveiro SC.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

“(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por unanimidade dos seus membros, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO;** Declarar un especial interese municipal nas obras a realizar por don Jesús Trillo Mouzo, Juan Luis García Lema, Gandeira Cantiño SC e Granxa Riveiro SC por existir as circunstancias sociais antes expostas.

**SEGUNDO;** Conceder unha bonificación do 95 % do ICIO a Don Jesús Trillo Mouzo e don Juan Luis García Lema, unha bonificación do 90,25 % a Gandeira Cantiño SC, e do un 76% á Granxa Riveiro SC, toda vez que nestas dúas sociedades civís, unha das socias non cumple o requisito de que os ingresos que derivan de actividades agrícolas supoñan máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos.

**TERCEIRO;** Que se proceda a dar traslado de dito acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.”

O alcalde explica que esto é consecuencia da decisión de apoiar ao sector primario, de xeito que aforran unha parte moi importante do imposto.

O Sr. Soto Pérez pide intervir.

O alcalde dalle un turno de intervencións a cada voceiro.

O Sr. Miñones Riveiro di que están dacordo en apoiar ao sector gandeiro, como xa dixerón naquel momento.

O voceiro de IxV di que esto foi unha reivindicación do seu grupo, que presentaron varios veces por Rexistro e finalmente presentaron unha moción, froito do cal ven esta bonificación. Síntese orgulloso de que esta sexa a primeira vez que se concede esta bonificación.



# Concello de Vimianzo

O voceiro do PP di que van votar a favor. Dille ao alcalde que se vai ausentar un momentiño.

O alcalde afirma non dar crédito a estes discursos, pois estas bonificacións xa se aprobaron unha chea de veces, non obstante non vai entrar en polémicas. Sinala que é con este goberno co que se aprobou esta bonificación, e non co anterior sendo alcalde o candidato de IxV. Di que no pleno anterior aprobouse outra bonificación, pero o Sr. Soto e outros concelleiros non asistiron. Dalle pena que o voceiro de IxV introduza unha polémica nun asunto no que hai unanimidade, áinda que entende que a apoia.

O Sr. Soto Pérez di que a súa intervención foi moi clara.

O alcalde entende aprobado o punto por asentimento.

## **6. Liquidación da obra 'Construcción de estación depuradora (EDAR) e rede de colectores' e devolución da garantía.**

~~S~~Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por tres votos a favor do BNG e PSOE, dúas abstencións de IxV e PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Prímero.- Aprobar a liquidación da obra "CONSTRUCCIÓN DE ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) E REDE DE COLECTORES" executada pola empresa Movex Vial,SL, (na actualidade CIVIS GLOBAL,SL CIF B-36684157), condicionado a súa efectividade a aprobación do orzamento 2014.

Segundo.- Autorizar a devolución da garantía, constituída en aval bancario da entidade financeira Banco Sabadell,SA e número 10000452849 do Rexistro especial de avais, por importe de 57.363,28 euros, pola empresa Movex Vial,SL, (na actualidade CIVIS GLOBAL,SL CIF B-36684157), para garantir a execución do contrato de obra "CONSTRUCCIÓN DE ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) E REDE DE COLECTORES"."

O alcalde explica que é unha obra do anterior goberno, e agora por parte da dirección de obra e da empresa contratista preséntase agora a liquidación para que o concello asuma a obriga que lle corresponde e se devolva a garantía. Sinala que consta informe da dirección de obra respecto da subsanación das deficiencias detectadas, así como informe de funcionarios municipais que acreditan a subsanación deses problemas, polo tanto non hai obstáculo para non aprobar. Aclara que se trae ao pleno porque é o órgano de contratación.

O voceiro do PSOE sinala que se os erros se subsanaron vano apoiar, pero considera que hai un problema porque a aprobación condicionase á aprobación do orzamento, e se o orzamento non se aproba...

O voceiro de IxV di que ao ser unha obra anterior vanse abster.

O voceiro do PP di que se abstéñen.

O Sr. Rodríguez Blanco, concelleiro non adscrito, di que grazas ao anterior goberno teñen unha depuradora. Sinala que hai un informe da enxeñeira industrial, e sorpréndelle que agora esa

empregada estea lendo contadores de auga e contando contenedores do lixo. Quere que lle expliquen en calidade de que emitiu ese informe a enxeñeira e di que se vai abster na votación.

O alcalde di que non lle extraña que o Sr. Rodríguez Blanco fale de contadores, porque non pagaba a auga...

O concelleiro non adscrito pide que conste en acta o que acaba de dicir o alcalde.

O alcalde contesta que se quere formular esa pregunta no punto de rogos e preguntas vaille responder. Di que visto que o concelleiro de obras do anterior goberno se abstén, estanlle dando gañas de retirar o punto da orde do día, porque se cadra hai algo raro. Repite que a certificación é do director de obra, a enxeñeira industrial verificou esa certificación, ten título e capacidade para facelo. Se cadra o Sr. Rodríguez Blanco preferiría que mandase a outra persoa, pero como non é o alcalde... Pregúntalle se hai algo raro nesa obra.

O Sr. Rodríguez Blanco volve a preguntar que fai esa persoa...

O Sr. Alcalde dille que se centre no punto, que despois en rogos e preguntas vaille contestar.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se estes cartos son deste goberno ou do anterior.

O alcalde repite que é unha obra do anterior goberno. Non foi este goberno quen fixo a obra, pero é quen ten que xestionar a liquidación.

O concelleiro non adscrito insiste en que lle conteste.

O alcalde repite que o fará despois.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por cinco votos a favor de BNG e PSOE, sete abstencións (IxV, PP e non adscritos) e ningún voto en contra, acorda:

Primeiro.- Aprobar a liquidación da obra “CONSTRUCCIÓN DE ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) E REDE DE COLECTORES” executada pola empresa Movex Vial,SL, (na actualidade CIVIS GLOBAL,SL CIF B-36684157), condicionado a súa efectividade a aprobación do orzamento 2014.

Segundo.- Autorizar a devolución da garantía, constituída en aval bancario da entidade financeira Banco Sabadell,SA e número 10000452849 do Rexistrio especial de avais, por importe de 57.363,28 euros, pola empresa Movex Vial,SL, (na actualidade CIVIS GLOBAL,SL CIF B-36684157), para garantir a execución do contrato de obra “CONSTRUCCIÓN DE ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) E REDE DE COLECTORES”.

## **7. Elección de xuíz de paz titular do municipio de Vimianzo.**

O alcalde explica que non hai ditame da comisión informativa porque non houbo acordo. Sinala que o alcalde propuxo chegar a un acordo, porque é na comisión onde se dialoga institucionalmente, pero por parte de IxV plantexouse non sabe que cousa media extraña, pero como non houbo consenso... Acusa a IxV de reclamar consenso para os orzamentos e non ser capaces de chegar a un acordo respecto deste punto. Pregunta á secretaria que procede facer agora, posto que non hai proposta que votar.

A secretaria sinala que efectivamente non hai ditame da comisión, e lembra que en anteriores ocasións, nas que tampouco houbo acordo na comisión, en concreto na elección de 1997, empregouse a votación secreta, mediante elección en papeleta. Lembra que xa comentou esa



# Concello de Vimianzo

posibilidade ao remate da comisión o día 25. Sinala que o ROF prevé ese sistema de votación para a designación e destitución de persoas.

O alcalde sinala que, sendo así, procederase á votación secreta.

O Sr. Soto Pérez indica que a elección dese sistema de votación require a mayoría, e dende IxV parécelles a persoa máis axeitada Sandra Cundíns Sánchez. Se teñen que poñelo nunha papeleta farano, pero a súa postura queda clara. Considera que esa persoa reúne o consenso, a pesares de que un dos candidatos foi na lista de IxV. Afirma que non consultou co alcalde porque sabía quen era o seu candidato, porque así o manifestou, pero reúne o consenso.

O alcalde sinala que el non manifestou na comisión quen era o seu candidato. Di que foi o Sr. Miñones quen o fixo. Considera que o más sinxelo é que cadaquen diga a quen vai a votar e punto. Parécelle moi boa candidata Sandra Cundíns, e vai contar co seu apoio. Di o alcalde que dende o ano 1997 o xuíz de paz elixiuse sempre por consenso. Este ano IxV tiña varios compromisos, por eso querían un sorteo, e agora chegan con esta proposta, e achacan ao alcalde falta de diálogo.

Ante o intento de intervir do Sr. Soto, o alcalde pide que non interrumpa. Di que ningún candidato foi nas listas do BNG, e o xuíz de paz actual era o candidato do anterior alcalde, pero a el sérvelle como "home bó". Entenden que non hai motivos para que esa persoa non siga no cargo, porque o ~~ven facendo ben, a gusto da sociedade, e por eso van votar por Ricardo Álvarez~~ van facendo ben, a gusto da sociedade, e por eso van votar por Ricardo Álvarez. Afirma que ningún dos candidatos falou co alcalde, que non quixo fazer política con este tema, pero sabe que sí se fixo política con este tema, e incluso quedaron mortos polo camiño. Repite que Sandra vai ter o seu apoio.

O Sr. Miñones Riveiro recoñece que manifestou quen ía ser o candidato do PSOE: Ricardo. Leva unha traxectoria de dez anos moi boa.

O Sr. Amado Sambade apoia a Sandra Cundíns, sen despreciar a ningún candidato.

O alcalde propón facer a votación nominal e que cadaquen diga a quen vota, así evítanse votos en contra, posto que non sería capaz de votar en contra de Sandra.

O Sr. Soto Pérez pregunta como se fai facer a votación.

A secretaria explica que vai preguntar a cada un dos concelleiros a que candidato vota e despois faise o reconto de votos.

Non habendo observacións por parte de ningún concelleiro, comeza a votación. A secretaria pregunta un por un aos concelleiros, acadando o seguinte resultado:

Sra. Hermida Tomé: Sandra Cundíns Sánchez.

Sr. Soto Pérez: Sandra Cundíns Sánchez

Sra. Rodríguez Ordóñez: Sandra Cundíns Sánchez

Sr. Santos Vázquez: Sandra Cundíns Sánchez

Sr. Amado Sambade: Sandra Cundíns Sánchez

Sr. Rodríguez Blanco: Sandra Cundíns Sánchez

Sra. Vázquez Miñones: Sandra Cundíns Sánchez

Sr. Miñones Riveiro: Ricardo Álvarez

Sr. Trillo Lema: Ricardo Álvarez

Sra. Ramos Rey: Ricardo Álvarez

Sr. Mancebo Amigo: Ricardo Álvarez

Sr. Antelo Pazos (alcalde): Ricardo Álvarez

Rematado o chamamento, o alcalde pregunta se algún dos candidatos acadou a maioría absoluta.

A secretaria sinala que Sandra Cundíns Sánchez acadou sete votos, que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O alcalde felicita a Sandra Cundíns, nova xuíza de paz, e alédase de que sexa unha muller.

Os membros da Corporación aplauden o resultado.

## **8. Moción do BNG sobre a autovía da Costa da Morte.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 25 de marzo de 2014, do que se transcribe literalmente a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por dous votos a favor do BNG e tres abstencións do PSOE, PP e a concelleira non adscrita, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

1.- Esixir á Xunta de Galicia que informe ao concello de Vimianzo dos motivos de paralización das obras da autovía entre Carballo e Berdoias, das previsións de reinicio das mesmas, así como dos prazos de execución e das modificación ou variacións que poidan introducirse no proxecto que se comezou a executar.

2.- Esixir á Xunta de Galicia que reinicie as obras da autovía Carballo-Berdoias no prazo máis breve posible

3.- Esixir á Xunta de Galicia que manteña todo o tramo entre Carballo e Berdoias na futura autovía da Costa da Morte.

4.- Rexeitar calquera amputación do tramo orixinal da autovía da Costa da Morte contemplado no proxecto que comezou a executarse inicialmente.

5.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta, ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas e aos portavoces dos grupos do Parlamento de Galicia."

O alcalde sinala que a evidencia da paralización das obras da autovía dende hai dous anos e do impacto desta paralización no entorno. Ninguén entende que quede parada cos danos que xa están feitos. Recentemente o conselleiro mandou unha carta a Nería comunicando que se ían reiniciar as obras pero que ían parar en Baio. Considera que a Corporación debe manifestar o seu rexiste a este asunto e pedir explicacións ao concelleiro.

O voceiro do PSOE di que van apoiar, xa o dixo na comisión a pesares da abstención. Di que non hai más que mirar como está o val de Vimianzo polas obras e anuncia que vai ter o seu apoio para manifestarse ou tomar as medidas que considere convenientes neste asunto.

O Sr. Soto Pérez sinala que non é un prato de gusto que che quiten unha infraestrutura que estaba proxectada. Non queren amputacións nin recortes na autovía.

O Sr. Amado Sambade di que queren que se rematen as obras pero vánse abster. Lembra que as obras fíxoas o PP a pesares de que o bipartito puxo a primeira pedra.


O Sr. Rodríguez Blanco quere que se rematen as obras e gustaríalle que chegaran ata Cee.

O alcalde pide ao PP que faga un esforzo por sumarse a este acordo.

O voceiro do PP repite que se vai abster.

O alcalde di que ao PP dálle igual que a autovía remate en Baio.

O voceiro do PP di que non lle da igual, vaise abster.



# Concello de Vimianzo

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por dez votos a favor de BNG, PSOE, IxV e dos dous concelleiros non adscritos, dúas abstencións do PP e ningún voto en contra, acorda:

**PRIMEIRO.**- Esixir á Xunta de Galicia que informe ao concello de Vimianzo dos motivos de paralización das obras da autovía entre Carballo e Berdoias, das previsións de reinicio das mesmas, así como dos prazos de execución e das modificación ou variacións que poidan introducirse no proxecto que se comezou a executar.

**SEGUNDO.**- Esixir á Xunta de Galicia que reinicie as obras da autovía Carballo-Berdoias no prazo máis breve posible

**TERCEIRO.**- Esixir á Xunta de Galicia que manteña todo o tramo entre Carballo e Berdoias na futura autovía da Costa da Morte.

**CUARTO.**- Rexeitar calquera amputación do tramo orixinal da autovía da Costa da Morte contemplado no proxecto que comezou a executarse inicalmente.

**QUINTO.**- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta, ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas e aos portavoces dos grupos do Parlamento de Galicia.

## 9. Comunicados oficiais.

De orde do Sr. Alcalde dase conta do edicto de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 24, publicado no BO núm. 58, de data 26 de marzo de 2014.

Tamén dun escrito presentado o 21 de febreiro de 2014 con RE 1334 polos concelleiros Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones, que pasa a ler íntegramente: *"Don José Manuel Rodríguez Blanco con DNI 32.807.958-E y D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones, con DNI 32.806.626-T, ambos concejales en la Corporación Municipal de Vimianzo, elegidos en las listas del PSdeG-PSOE, ante el Sr. Alcalde-Presidente del Concello de Vimianzo, comparecemos y como mejor procede DECIMOS:*

*I.- Que el pasado 1 de marzo suscribimos una moción de censura contra el Sr. Alcalde Presidente del Concello de Vimianzo, al que nos dirigimos.*

*II. Que esta moción se presentó en el Registro General de ese Concello el día 2/03/2013, con RGE nº 1403, aunque no se llegó a tramitar.*

*III.- Los concejales que suscribimos desistimos de su tramitación de forma que nuestra firma se ha de tener por no puesta. Y en concreto el concejal don José Manuel Rodríguez Blanco, no acepta ser candidato a Alcalde.*

*Por todo lo expuesto, SOLICITAMOS:*

*Que tenga por presentado este escrito a los efectos legales procedentes y muy particularmente el de tramitación de la moción de censura presentada con RGE nº 1403/2013."*

## 10. Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2013.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 194, do 21 de febreiro de 2014, pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2013.

O alcalde dalle a palabra á interventora.

A interventora indica que, conforme ao art. 191 e 193 do RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, cómpre dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2013, co seguinte resultado:

"(...) Primeiro. Aprobar a liquidación do presupuesto municipal correspondente ao exercicio económico de **2013**, co pormenor que se sinala a seguir:

### RESUMEN DA EXECUCIÓN POR CAPÍTULOS DE INGRESOS E GASTOS

#### INGRESOS


CAPÍTULOS INGRESO	PREVISIÓNES INICIALES	PREVISIÓNES DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS
I1- Impuestos directos	1.613.500	1.613.500	1.628.892,32
I2- Impuestos indirectos	120.000	120.000	42.084,74
I3- Tasas y otros ingresos	787.200,00	787.200,00	654.072,61
I4- Transferencias corrientes	2.187.135,20	2.724.491,06	2.613.699,87
I5- Ingresos patrimoniales	176.000,00	176.000,00	157.297,41
I6- Enaj. de invers. Reales	0,00	0,00	0,00
I7- Transferencias de capital	189.680,00	1.166.934,77	690.888,99
	12.000,00	56.434,83	7.000,00
I9- Pasivos financieros	739.484,80	739.484,80	0,00
<b>TOTAL CAPÍTULOS</b>	<b>5.825.000,00</b>	<b>7.384.045,46</b>	<b>5.793.935,94</b>

#### GASTOS

CAPÍTULOS GASTOS	CRÉDITOS INICIALES	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS
G1- Gastos de personal	1.950.788,08	2.187.760,70	2.006.855,46
G2- Gastos en bienes corrientes y servicios	1.740.477,91	2.058.780,09	1.899.592,09
G3- Gastos financieros	138.000,00	50.660,80	46.093,65
G4- Transferencias corrientes	460.400,00	465.545,41	456.787,16
G5- Fondo Contingencias	0,00	0,00	0,00
G6- Inversiones reales	109.303,76	1.152.929,01	709.791,32
G7- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00
G8- Activos financieros	12.000,00	12.000,00	6.000,00
G9- Pasivos financieros	205.002,28	247.341,48	243.153,34
<b>TOTAL CAPÍTULOS</b>	<b>4.615.972,03</b>	<b>6.175.017,49</b>	<b>5.368.273,02</b>

### RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.Operacións correntes	5.096.046,95	4.409.328,36		
	690.888,99	709.791,32		



# Concello de Vimianzo

b.Operacións correntes non financeiras				
1.Total operacións non financeiras (a+b)	5.786.935,94	5.119.119,68		
2. Activos financeiros	7.000,00	7.000,00		
3.Pasivos financeiros	0,00	243.153,34		
RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO	5.793.935,94	5.368.273,02		425.662,92
<b>Axustes:</b>				
4.Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			43.718,83	
5.Desviacións de financiación negativas do exercicio			273.217,53	
6.Desviacións de financiación positivas do exercicio			430.802,98	
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO</b>				311.796,30

## REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO
1. (+) Fondos líquidos	617.731,61
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	216.883,65
(+ ) Do orzamento corrente	337.111,93
(+ ) De orzamentos cerrados	87.124,02
(+ ) De operacións non presupostarias	35.701,56
(- ) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	243.053,86
3. (-) Obrigas pendentes de pago	271.635,24
(+ ) Do orzamento corrente	122.853,53
(+ ) De orzamentos cerrados	5.582,51
(+ ) De operacións non presupostarias	152.634,38
(- ) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	9.435,18
I.Remanente de tesourería total (1+2-3)	562.980,02
II.Saldos de dubioso cobro	50.961,12
III.Exceso de financiación afectada	18.039,44
<b>IV.Remanente de tesourería para gastos xerais</b>	<b>493.979,46</b>

## REMANENTES DE CREDITO

### Cuantificación de remanentes

Dos datos da liquidación obtense a seguinte cuantificación de remanentes:

Remanentes	Importes
Comprometidos	230.934,16
Non comprometidos	575.810,31

Segundo. Consonte co disposto no art.90.2 do R.D. 500/1990, en relación co art.193.4 do R.D.L. 2/2004, darase conta desta aprobación ao pleno municipal na primeira sesión ordinaria que se celebre e seguiranse os demais trámites regulamentarios.”

## **11. Dación de conta de informes de Intervención.**

O alcalde dalle a palabra á interventora.

A interventora dá conta dos seguintes informes:

- Informe de data 20 de marzo de 2014 de establecemento do límite de gasto non financeiro
- Informe trimestral de cumprimentos de prazos Lei 15/2010, correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2013
- Informe de evaluación anual do Plan de axuste
- Informe de evaluación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da prórroga do orzamento xeral para o ano 2014
- Informe de actuación da evaluación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da estimación dos dereitos e obrigas, recoñecidas netas ao final do exercicio 2013, unha vez se ten información de execución do cuarto trimestre e outra información coa que se conta

O Pleno dase por enterado.

## **12. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 25 de xaneiro de 2014, dende a resolución núm. 63, do 20/01/2014, ata a resolución núm. 328, do 26/03/2014. O listado úñese a esta acta como anexo I.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

## **13. Mocións.**

O alcalde lembra que neste punto non caben propostas que teñan carácter resolutivo. Cre que todo o mundo ten que telo claro, despois do informe do Valedor do Pobo.

O voceiro do PSOE non ten mocións.

O voceiro de IxV di que primeiro vai xustificar a urxencia.

O alcalde dille que primeiro ten que ler a moción para saber se encaixa neste punto ou non.



# Concello de Vimianzo

O Sr. Soto Pérez di que o alcalde cambia as reglas no medio do partido. Expón que se trata dunha moción declarativa, referente a obras que se consideran de interese municipal. A urxencia ven motivada pola inclusión destas obras no Plan DTC-93. Cita a obra de cuberta do patio do colexio, de xeito que en canto haxa fondos se acometa esa obra. A segunda obra que entenden reúne estas características é o acondicionamento da rúa Tedín. Tódolos concelleiros recibiron un prego de sinaturas dos veciños desa rúa solicitando que se fixera esa obra, que comecen no cruce de Camariñas e rematen en Trasouteiro, dando solución ás necesidades tanto de regulación do tráfico como das deficiencias de infraestruturas. Son propostas de traballo, pois o alcalde desvirtuou este punto e teñen que recurrir a esta fórmula.

O alcalde considera interesante o que propón e anuncia que a obra de Tedín vai ir no DTC-93 e prácticamente está rematado o proxecto. Respecto do patio do colexio, non encaixa no DTC porque é unha obra nova, e non é xusto que a Consellería de Educación acometa obras noutros colexios e non en Vimianzo, e pelexarán porque esta obra se faga. O da declaración de obras de interese municipal, aprobarase pero non vai obrigar a ninguén, como xa sabe.

O voceiro de IxV di que este punto, atendendo á normativa de réxime local, tradicionalmente xeraba obligacións; agora, segundo un informe moi moi discutible da Secretaría do Concello, parece ser que non. Manifesta, respecto a Tedín, que estas obras teñen que ser acometidas polo concello; respecto do patio do colexio, non vale presumir de números e ter aos nenos á chuvia. Pide que someta a urxencia a votación.

O alcalde pide respecto para os habilitados estatais, se discrepa dun informe da secretaria ou interventora terá que presentar outro informe. Sinala que non é o informe da secretaria, que o fixo a petición do alcalde tras a denuncia que lle presentaron no Valedor, e tras o informe do Valedor quedou claro que neste punto os acordos non obrigan a ninguén. Volve a repetir que as obras do patio do colexio non lle corresponde acomételas ao concello, que Educación diga porque as fai nun concello veciño e non en Vimianzo. Propón aceptar a urxencia e que cada grupo se pronuncie.

O voceiro do PSOE non discute que a obra de Tedín é necesaria e pedida por todos os veciños, pero respecto do colexio, está dacordo co alcalde en que hai que buscar a vía de que a pague Educación.

O voceiro do PP di que se adhire ao dito polo voceiro de IxV.

O alcalde propón declaralas obras de interese municipal, se encaixa neste punto. Pregunta á secretaria.

A secretaria puntualiza que, se significa unha obriga, non ten cabida neste punto.

O alcalde entende aprobado por asentimento esta moción, declarando ambas obras de interese municipal. Pregunta se hai más mocións.

O voceiro de IxV presenta unha moción "para xerar bo clima e rematar co mobbing e acoso aos traballadores e traballadoras do concello de Vimianzo". Explica que a semana pasada saía a prensa un conflicto entre o alcalde e o técnico municipal, que andaban en xuízos. Preocupoulle que interviran os sindicatos e dixeran que había moitos outros casos. A urxencia ven motivada pola denuncia dos sindicatos. Considera que existe un problema de acoso laboral, pois moitos traballadores chámanos para queixarse. Quere facer unha proposta en positivo.

O alcalde volve a dicirlle que primeiro lea a moción e despois debátese.

O voceiro de IxV comeza a explicar o contido da moción.

O alcalde pídelle que non faga discurso, que concrete o que quere votar.

O Sr. Soto Pérez di que é un etéreo, unha declaración para xerar bo clima e que cese o mobbing e acoso que están a sufrir os traballadores e traballadoras, que non son só os que saen na prensa e os casos coñecidos, son moitos máis que o chamaron.

O alcalde recoñece que hai dous expedientes disciplinarios, con derivacións no xulgado e na Fiscalía, e sábese porque: non cobrar a auga, entre outras cousas, a algúns concelleiros e concelleira; e contra o arquitecto municipal por exaccións ilegais, falta de rendemento e facer traballos para promotores e despois informar proxectos. Afirma estar actuando en defensa do interese público, e non de negocios persoais. Se pretende aprobar eso, pode facelo, pero vai ter unha querela súa por acusalo dun delito. Todos os que voten van ter unha querela súa. Pregunta se segue adiante ou presenta outra moción.

O voceiro de IxV decide presentar outra moción, sobre o a solidariedade e o pésame á familia de Adolfo Suárez Illana, presidente do Goberno de España, polo seu recente pasamento,

O alcalde considera que toda a Corporación está dacordo neste tema, e entédea aprobada por asentimento. Pregunta se o PP ten algunha moción.

O voceiro do PP di que non.

O Sr. Soto Pérez pide permiso para saír un momento da sala de sesións.

O concelleiro non adscrito Sr. Rodríguez Blanco di que ten unha moción, referente ás Dilixencias previas 314/2013, por un delito de prevaricación administrativa contra o Concello de Vimianzo, en concreto o Sr. Antelo Pazos, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey e Sr. Ramos Martínez. Indica que o xulgado de Corcubión ditou o personamento do concello, e polo tanto propón nomear avogado e procurador dado que o pleno é o órgano competente.

O alcalde pregunta que é o que non entende, porque neste punto non procede adoptar acordos que obriguen, polo tanto non procede votar esa moción. Fundamenta a súa postura no informe emitido por unha habilitada estatal como é a secretaria municipal.

O Sr. Rodríguez Blanco insiste en someter a votación a moción.

A secretaria pide que repita o número de Dilixencias previas.


O concelleiro non adscrito indica que son as Dilixencias 314/2013.

O alcalde pregunta quen son os denunciantes.

O concelleiro non adscrito di que son: José Manuel Rodríguez Blanco, Mónica Rodríguez....

O alcalde rise.

O Sr. Rodríguez Blanco di que o xuíz non se riu e admitiu a trámite a denuncia.



# Concello de Vimianzo

O alcalde dille que sexa serio e advirte que rematou o tema desta moción.

O Sr. Mancebo Amigo dille ao Sr. Rodríguez Blanco que cale. Inician unha discusión.

O alcalde pasa ao seguinte punto.

## 14. Rogos e preguntas.

O Sr. Miñones Riveiro pregunta pola modificación puntual das Normas Subsidiarias que se está tramitando. Quere saber como está o asunto.

Pregunta tamén polo tema das alegacións dos Montes Milleira e Gorreis, quere saber cómo está ese tema.

Por último, pregunta polos problemas que teñen na Devesa, Carnés, para ver a televisión.

O alcalde contesta que a modificación puntual busca poñer en valor os núcleos rurais, vaise reducir a parcela mínima e a porcentaxe de equipamento e outras cuestións. Douse a coñecer no trámite de exposición pública pola Xunta, e a intención é levala a un pleno extraordinario no mes de abril, están pendentes dun informe da Deputación que xa debía estar remitido. Informa os concelleiros que o texto da modificación puntual está a súa disposición se queran consultalo.

Ao respecto dos montes Gorreis e Milleira, fixose o que se tiña que facer no pleno do 31 de decembro. Dende aquela chamou cincuenta veces ao xefe territorial de Medio Rural, sabe que é un home moi ocupado porque é Teniente Alcalde no Concello de Sada. O martes pasado conseguiu falar con el e quedou de chamalo o venres pero non o fixo. Vai seguir intentando falar con el para coñecer en que trámite está o asunto. Non ten problema en pedir unha entrevista da comisión para que lles informe como está. Se está semana non ten resposta, solicitará por escrito unha entrevista.

O problema da TDT da Devesa é un asunto similar. Fixeron múltiples chamadas á Secretaría Xeral de Medios e dixéronlle que era problema dos eucaliptos do monte Pedrouzo que impedían que se recibiría o sinal do monte Xaviá. Agradece aos veciños que deixaran cortar o eucalipto, pero só se viu ben a televisión unha semana. As empresas que xestionan a TDT viñeron, falaron con el, e acompañados do concelleiro Xosé Trillo foron á Devesa, e quedaron de darles un informe ao respecto. Todas as semanas chaman e non hai solución. Se cadra hai que ir cos veciños a unha entrevista coa Secretaría Xeral de Medios para que llelo explique.

O voceiro de IxV ten un rogo. Recentemente presentou unha serie de obras que lle reclaman os veciños, principalmente arranxos de camiños. Roga que teña a ben estudar a posibilidade de incluirlas no DTC: camiño que vai de Vilaseco a Baíñas, entre Berdoias e Padreiro, coñecido como "camiño das Custodias", acondicionar a vía que vai dende Trasariz ata a estrada de Camariñas, aproveitando esa obra do lavadoiro.

O alcalde di que o camiño das Custodias está previsto incorporalos nun plan da Deputación, e agradece as suxerencias do resto dos camiños. Pide que non lle chame o arranxo do lavadoiro, porque se trata dunha obra de arranxo do entorno do lavadoiro. Estiveron a punto de tiralo, pero ao final decidiron conservalo. Sinala que onte aprobouna a Deputación e agarda licitala canto antes. Está dacordo en intervir na rúa Trasariz, pero haberá que buscar o momento e a

intervención hai que tela clara: se quere facerse un desvío do tráfico de Camariñas ou facela semipeatonal. Se é unha obra sostenible quizá podería incluirse para financiar co remanente.

O Sr. Soto Pérez pide, se é posible, que puxera en coñecemento dos veciños de Tedín o proxecto que se vai facer, e pide tamén que non se adapte á obra ao orzamento, senón que a obra marque o orzamento.

O alcalde di que ten razón, pero están en momentos de crise. Gustaríalle humanizar poñendo fontes e estatuas pero hai que aproveitar os recursos.

O voceiro do PP di que ten dúas preguntas e un rogo. Pregunta pola fonte de Serramo, se ten pensado arranxala. Pregunta en que vai gastar a subvención que lle dou a Axencia Galega Tributaria para a Faguía de Carnés. Pregunta se o concello renunciou a unha subvención da Dirección Xeral de Xuventude e porque. Rógallo que convoque unha xunta de portavoces para tratar un asunto que quedou enriba da mesa hai anos: adicarlle unha rúa ao único beato da Costa da Morte, Carmelo Juan Pérez González.

O alcalde contesta que os servizos municipais teñen moito traballo, tivemos un inverno moi duro e hai moitas zonas que limpar, pero que saiba a fonte non ten ningún desperfecto. Non sabe como se vai planificar o traballo.

Sobre as subvencións da Dirección Xeral de Xuventude non pode darle información porque non a ten neste momento. Sinala que se equivoca o Sr. Amado, porque a Axencia Galega Tributaria non lle dou ningunha subvención ao concello de Vimianzo, de feito non sabe se existe, pois é unha reivindicación nacionalista.

O Sr. Amado Sambade rectifica: a Axencia Galega de Turismo.

O alcalde advirte que hai que ter moito coidado co que se di, porque onda el veu xente de Carnés indignada, e hai divisións con este tema. Vai facer un bando para a semana para que a xente teña claro este tema. Puntualiza que por resolución do 30 de abril de 2013 concediu subvencións a concellos para promoción de festas de interese turístico de Galicia, e pola lei de transparencia saiu publicado o 19 de marzo deste ano. É certo que o concello, non a comisión de festas, recibiu 1669,70 euros para sacar un libro que mostra. Este ano cando saia a convocatoria a idea é sacar un vídeo da Faguía. É a primeira vez que se saca un libro e foi el como alcalde quen por primeira vez no 2011 lle explicou a orixe da festa aos veciños.

Ao respecto do beato, manifesta o alcalde que lle preocupa unha cousa: que o PP de Vimianzo estea nunha onda de extrema dereita protofascista. Polo que publicaron na web, se estivesen en Alemaña estarían no cárcere. Parécelle espeluznante o que publicaron na súa páxina. Considera que en Vimianzo hai xente de moito mérito que merece unha rúa antes de este señor, que tivo a desgraza de ser asasinado. Menciona ao secretario de Vimianzo, que lle merece moito respecto.

O Sr. Amado Sambade di que ese señor non é político, e sábeo ben o alcalde porque estivo no seminario.

O alcalde recoñece que así foi, que recibiu unha formación franciscana e encántalle que o Papa se chame Francisco, os seus estilos, que non viva na suntuosidade...

O voceiro do PP repite que este señor non é político, que o mataron pola súa relixión...



# Concello de Vimianzo

O alcalde quere saber se hai más preguntas.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta polo camiño de Reboredo, porque o alcalde segue sen dar información ao respecto. Aclara que é un rogo. Pregunta quen dou os criterios para dar as subvencións aos clubes de fútbol, que foron moi cutres. Di que inscribir a un equipo costa sobre uns catro mil euros e polo menos había que cubrirlle eses gastos. Di que presentou un escrito o 12 de febreiro sobre o alumeadado da Piroga, solicitando ver unha copia do proxecto e como está o boletín.

O alcalde responde que son conscientes de que hai que mellorar o alumeadado en todo o municipio pero non pode gastarse todo na parroquia de Bamiro. Informa que foi un expediente do anterior goberno e non sabe para que quere velo.

Respecto do fútbol, o alcalde di que cada equipo sabe o que vai ter, e cando se propuxo estaban todos os grupos dacordo. Di que xa tiña pensado estudar cambios se se producen ascensos ou descensos. Non entende moi ben porque o presidente do Baíñas renunciou á subvención, sendo a mesma que a outros da súa categoría. Considera que no fútbol hai que implicar á sociedade e os pais deben implicarse, porque noutros concellos non é "papá concello" quen paga. Entende que hai que ser realista e igual para ter un equipo potente hai que implicar a toda a Costa da Morte. Aínda que non é moi aficionado ao fútbol, aledouse do ascenso do Baíñas e gustaríalle facer unha recepción institucional.

Sorpréndelle a pregunta do camiño de Reboredo, non porque non lle pregunte en todos os plenos, senón porque foi ao Valedor dicir que non llo deixaba ver, sendo mentira, e despois pediuno por escrito, autorizouse o acceso e nin squera acudiu velo nin chamou. Non lle extraña que lle preocupe porque ese portal púxose sendo concelleiro o Sr. Rodríguez Blanco.

O concelleiro non adscrito alega que foi coa autorización do Sr. Antelo.


O alcalde negao, Inician unha discusión.

O alcalde aclara que o informe da policía local, datado no 2011, indica que o portal se colocou no 2009, e daquela non era el alcalde. Anuncia que ese expediente vai vira o pleno, para iniciar unha investigación de oficio.

Sendo as dúas e cinco minutos, levántase a sesión.

E non tendo más asuntos que tratar, sendo as catorce horas e seis minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e nove de marzo de dous mil catorce.

O alcalde



secretaria



